

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DO PORRIÑO**

ANUNCIO da convocatoria para a provisión en propiedade de tres prazas vacantes de auxiliar administrativo, subgrupo C2.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra núm. 127, do 1 de xullo de 2024, publicáronse integramente as bases que rexerán a convocatoria para cubrir definitivamente, mediante o sistema de selección de oposición, tres prazas vacantes do cadro de persoal vixente de auxiliar administrativo da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, reservadas a funcionarios de carreira, incluídas na oferta pública de emprego do ano 2024, que se corresponden cos postos número 01.04.00.02, 02.01.00.03 e 02.01.00.08 da relación de postos de traballo.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra núm. 182, do 18 de setembro de 2024, publicouse un anuncio de corrección dos erros cometidos na base 10ª das citadas bases.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios deste proceso selectivo, cando procedan, realizaranse na forma prevista nas propias bases.

O Porriño, 23 de outubro de 2024

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Alcalde

